

ACTA Nº 63
ASEMBLEA EXTRAORDINARIA

Acta da Asemblea Extraordinaria, celebrada o día 26 de setembro de 2020, ás 10:30 horas en Vigo, no salón de actos do Edificio das Federacións Deportivas, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

Asistentes

D. Pascual Bartolomé Verdeal	Club Arteixo Balonmán
Dª Monserrat Rey Salorio	Club Bm. Atlántico
D. Manuel Castro Otero	Club Bueu Atl.
D. Adrián Pumar Alonso	Club Bm. Cangas
D. José Barciela Cabaleiro	Club AD. Carballal
Dª Yolanda Rodríguez Vaqueiro	Club Bm. Caselas
D. Martín Acuña Vaqueiro	Club EDM. Caselas
Dª María González Lago	Club SD. Chapela
D. Pablo Domínguez Munáiz	Club Bm. Cisne
D. Francisco Gayoso Rivera	Club Bm. Ferrolterra
D. Guillermo Rial Barreiro	Club Bm. Painkillers
D. Miguel A. Barbeira García	Club Bm. Xallas
D. Ángel Canedo Rey	Club Bm. Culleredo
D. Jesús López González	Club Atlético Guardés
D. Alberto Mouriño Varela	Club Bm. Línea 21
D. Óscar Fernández Martínez	Club Luceros
D. Óscar Rodríguez Álvarez	Club ADC. Descubriendo Lugo
D. Víctor Garrido Torres	Club Asmubal Meaño
Dª Irene Vilaboa Fernández	Club Bm. Moaña
D. Rubén Fernández López	Club Bm. Narón
Dª Rebeca González Vázquez	Club Bm. Pabellón
D. Óscar Allegue Iglesias	Club Bm. Pontedeume
D. Víctor Armán Dorado	Club Atl. Novás
D. Iago Garrido Vilar	Club ED. Poio
D. Diego Gondar Otero	Club Rasoeiro Bm.
D. José Ricardo Vázquez García	Club Bm. Ribadosar
D. Iván Reinaldo Vallejo	Club DC. Ribeiro
D. Miguel Albo Lestegas	Club Bm. Viveiro
D. Antonio Rodríguez Fraga	Club EB. Xiria
D. José Luís Pedreira Batán	Club Bm. Lalín
D. Francisco J. Aguiar Vázquez	Club Bm. Rodeiro
D. Aurelio Krook Moldes	Club S.A.R.
Dª Mª Consuelo Prelchi Gallego	Club Bm. Seis do Nadal Coia

D. Emilio Pintos Soto	Club Sd. Teucro
D. Pablo A. Rodríguez Castro	Club Bm. Tui
D. Anxo Otero Sieiro	Adestrador
Hugo Rodríguez Barreiro	Adestrador
D. Andrea Cabaleiro Veloso	Árbitro
D. José Pérez Rodríguez	Árbitro

Preside a mesma o Presidente da Federación Galega de Balonmán D. Bruno López Molina, estando na mesa a Secretaria Xeral D^a M^a Luisa Sueiro Cardoso.

Toma a palabra o Presidente D. Bruno López Molina, saúda aos asistentes e informa do orde do día. Informa de que a Federación está para axudar aos clubs, no tema das instalacións deportivas, a FGBm. xa falou con varios concellos e xa están flexibilizando as medidas, ata o de agora a medida estrela anticovid era os peche dos pavillóns. Vaise a realizar unha campaña en prol do deporte con varias federacións e vaise tentar concienciar á xente de que somos parte do sector económico e fundamental da vida cotiá dos nenos e maiores e temos que conseguir que pouco a pouco a xente vaia confiando na seguridade do noso sector.

Informa que saíu no DOGA a resolución que habilita a volta da práctica deportiva con máscara, dita publicación posibilita a volta a actividade con contacto despois de presentar un informe analizando a exposicións aos posibles contaxios que pode haber nun partido de balonmán. A conclusión é que o perigo máis grande está nas zonas comúns e o que pase antes e despois do partido, de ahí que vaia ser moi importante e responsabilidade de todos.

O protocolo a máis tardar debería estar actualizado e aprobado a semana que ven.

O Presidente di que sinte non ter enviadas as propostas con máis antelación pero foi imposible por mor da intervención da FGBm. nos problemas que os equipos galegos están a ter nas competicións de ámbito nacional, pero que por favor se alguén ten unha proposta alternativa mellor que non dubide en interromper, propoñer e argumentar, xa que se terá en conta; de todos os xeitos as propostas dos asembleístas deben chegar independentemente das realizadas pola propia federación.

A FGBm. nas propostas que presenta ten o condicionante de que á Secretaría Xeral Para o Deporte lle presentaron o sistema de competición con xornadas de ida e volta contiguas, a excepción dos play off no que serán tres semanas que se vai a aproveitar para facer un estudio poderá conlevar algún avance nos formatos en función dos resultados dos mesmos.

A FGBm. se pode conseguir que non se xoguen semanas contiguas antes de comezar a liga, daremos ese paso, xa que ese formato podería dar o vencedor ao mes de comezar a competición en función do que depare o sorteo do calendario. O que se intenta transmitir é que a competitividade estea nun segundo plano, e que o importante nesta volta é desfrutar do balonmán e que a actividade se reactive.

A aprobación da máscara, haberá xente que estea de acordo e xente que non, pero a FGBm non vai a dar un paso que poña en perigo a saúde dos/as deportistas e hai estudos contrastados que avalan o uso da máscara no deporte.

O Presidente comeza coa presentación das propostas.

DISPOSICIÓNS XERAIS:

PROPOSTA Nº 1: Todas as propostas aprobadas nesta asemblea terán un carácter excepcional e circunstancial relacionado coa pandemia provocada pola COVID-19; estas, terán efecto ata que sexan revocadas ou modificadas en calquera momento pola Comisión Delegada da Federación Galega de Balonmán ou a Asemblea Xeral en función da evolución da crise sanitaria.

O que quere dicir e que se fai este formato nas competicións, e en decembro cambia pois se hai que facer algún cambio, ou se convoca a Comisión Delegada ou a Asemblea. Pero desde a FGBm. haberá predisposición total a modificar as cousas sempre e cando haxa consenso. Se ninguén ten dúbidas procedemos a realizar a votación desta proposta.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 1: DISPOSICIÓNS XERAIS.

VOTACIÓN: SI: 39 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0 Queda APROBADA a proposta Nº 1

ÓRGANOS DISCIPLINARIOS:

PROPOSTA Nº 2: Será obriga de todos os estamentos dependentes da Federación Galega de Balonmán (árbitros/as, clubs e xogadores/as) o cumprimento do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO aprobado pola Secretaría Xeral Para o Deporte.

O Presidente di que si esta proposta non se aproba a Secretaría Xeral ou Sanidade nos poden por restricións.

Procédese a realizar a votación da proposta: ÓRGANOS DISCIPLINARIOS. PROPOSTA Nº 2.

VOTACIÓN: SI: 39 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0 Queda APROBADA a proposta Nº 2

PROPOSTA Nº 3: Habilitar ao Comité de Competición da Federación Galega de Balonmán para a aplicación do Regulamento de Réxime Disciplinario no respectivo ao cumprimento de todas as medidas excepcionais aprobadas nesta asemblea e ao protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Federación Galega de Balonmán.

O Presidente informa de que dentro do protocolo vanse a definir funcións e responsabilidades e vaise a pedir que haxa un coordinador en cada club. As funcións será deixar claro como se vai a implementar no club o cumprimento do protocolo e estará en contacto co responsable do protocolo da FGBm, debe incidir en que se cumpran as medidas, a FGBm. reservase o dereito a realizar inspeccións en adestramentos e partidos.

O Presidente di que na páxina web haberá un apartado soamente para o COVID-19 con toda a documentación. Informa de que a FGBm. non ten intención de sancionar por sancionar, pero si que se teñen que cumprir uns mínimos xa que se non as medidas non valerían para nada.

Procédese a realizar a votación da proposta: ÓRGANOS DISCIPLINARIOS. PROPOSTA Nº 3.

VOTACIÓN: SI: 39 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0 Queda APROBADA a proposta Nº 3

MODIFICACIÓNS REGRAS DO XOGO:

PROPOSTA Nº 4: Permitir o uso de máscara hixiénica ou sanitaria durante o xogo.

O Presidente informa de que a proposta é permitir el uso de máscara durante o xogo, xa que nestes momentos as regras de xogo non o permiten, e se quere deixar claro que dentro das regras de xogo haxa unha modificación excepcional e mentres dure esta situación sanitaria, se poda facer uso da máscara.

Procédese a realizar a votación da proposta: MODIFICACIÓNS REGRAS DE XOGO. PROPOSTA Nº 4.

VOTACIÓN: SI: 35 NON: 0 ABSTENCIÓN: 4 Queda APROBADA a proposta Nº 4

PROPOSTA Nº 5: Será obriqatorio competir e adestrar co modelo, ou modelos de máscara aprobados pola Federación Galega de Balonmán.

O Presidente informa de que non hai intención nin de monopolizar o mercado nin de sacar ningún tipo de beneficio, a FGBm. o fai porque custou moito chegar ata aquí e esta medida unifica e concreta a máscara que se vai a poder usar. Xa que actualmente cada un usa un tipo de máscara diferente, homologadas ou non.

Se un xogador utiliza unha máscara quirúrxica non é o mesmo que unha que máscara adaptada á práctica deportiva e homologada, de ahí que a FGBm. realizara estudos deportivos con varios prototipos. Dende a FGBm. se fixeron probas a máis de 15 modelos, e valoráronse varias situacións en diferentes individuos. Que teña unha boa respirabilidade, certificado e estudo de filtración bacteriana e certificado e garantías de lavados. Ten que agarrase de forma que non comporte perigo no xogo, que teña un prezo asequible como moito entre 5 ou 7 €. Seguramente venderanse en packs, xa que unha soa máscara non é suficiente.

O Presidente informa de que a compra a van a realizar directamente os clubs, estase a falar con outras federacións para que o volume de compra sexa maior, pero que se factura directamente aos clubs, xa que a compra pode ser subvencionable polas administracións e o proceso é máis transparente.

A FGBM. si se considera necesario, está disposta a votar unha man na primeira compra das máscaras, pero a FGBM. vai a comprar chifres electrónicos de man, máscaras para o árbitros, xel hidroalcohólico, etc. E a inversión vai a ser importante.

O representante do Club Bueu pregunta se a nivel legal se poden impoñer unhas marcas de máscaras.

O Presidente di que é o mesmo que no balón oficial, é o que decida a asemblea.

O representante do club Tui di que entende que ten que haber dous ou tres modelos cunhas características específicas, e se un club atopa unha máscara coas mesmas características e máis económica, si se pode comprar aínda que non sexa a da federación.

O Presidente di que sería mellor presentarlle a Federación e que todos se beneficien dela.

Fernando Mosquera informa de que esta compra que se vai a facer é para tres meses e seguramente aparezan outras mellores, pero neste intre hai que decidir que tipo de máscara se vai a utilizar para evitar sustos e facilitar o traballo aos adestradores/as.

O Presidente di que se está a buscar a mellor opción, a nivel saúde e a nivel económico, pero si dentro de tres meses hai outra mellor pois modificaríase o modelo de máscara.

O Presidente di que a Xunta Directiva da federación decidiu non cobrar os dereitos de participación de ningunha categoría na tempada 20-21, a FGBm adopta esta medida coa finalidade de axudar aos clubs a adaptarse á nova realidade económica provocada pola pandemia da covid 19. Ademáis tratará de colaborar na medida do posible cos clubs na compra de máscaras e test.

O representante do club Luceros di que a proposta hai que cerrala en como moito dous modelos de máscaras, e se ten todas as garantías pois debemos apostar por esta proposta.

O representante do Club Arteixo pregunta si as máscaras que venden no club valen para xogar.

O Presidente di que non, xa que deben ter as certificacións e estudos pertinentes.

O representante del Club Teucro di que se a FGBm. fixo uns estudos dunhas determinadas máscaras, cunhas garantías, pois o único que hai que decidir e si se aproba a máscara ou non, e si alguén ten unha mellor pois que a propoña, o final a pregunta é, fiámonos ou non da FGBm., fiámonos e se alguén ten unha mellor pois a cambiaremos, pero a máscara é seguridade para todos pois aprobemos a proposta.

O representante do Ribadosar, di que está de acordo e que non hai que darlle máis voltas, e con respecto a que a FGBm. se faga cargo non está moi de acordo, xa que forma parte da vestimenta.

O Presidente di que lle gustaría que a máscara sexa dunha empresa galega e que o que se pretende e que os clubs podan compralas dun xeito sinxelo e áxil.

A representante do Club Atlántico di que desde casa é complicado entender o que se está a debater.

O Presidente informa que o que se comenta é que o máis sinxelo é ir todos a unha coa máscara proposta pola FGBm.

A representante do club Atlántico di que o traballo da FGBm. é sacar o mellor prezo posible, e non quere que a federación lle teña que mercar unha máscara, e non cree que sexa unha obriga da FGBm.

O representante do Club Xiria propón que o modelo oficial da FGBm. e outro modelo similar de maior custe pensando no número de lavados e poder ter esa alternativa dunha maior calidade.

O Presidente di que lle parece unha proposta interesante.

O representante do Ribadosar di que se propoña unha máscara e que cada club diga as máscaras que vai a necesitar.

O representante do Club Rasoeiro, di que si se pode se deben ter varios modelos.

Procédese a realizar a votación da proposta: MODIFICACIÓNS REGLAS DE XOGO. PROPOSTA Nº 5.

VOTACIÓN: SI: 33 NON: 1 ABSTENCIÓN: 5 Queda APROBADA a proposta Nº 5

PROPOSTA Nº 6: Introducción dun descanso de dous minutos na metade de cada un dos períodos que conforman o tempo regulamentario, coa finalidade de facilitar a adaptación ao uso da máscara: Categoría Infantil: minuto 13, categoría Cadete: minuto 15, categoría Xuvenil: minuto 15 e categoría Sénior: minuto 15.

O Presidente di que esta medida está falada con sanidade, pero o que ten que quedar claro é que non é un descanso para dar instrucións se non para adaptarse ás máscaras, xa que ao principio vai ser incómoda e como require un período de adaptación e posiblemente non todos os adestradores van ter en conta que non se debe comezar coa mesma intensidade que fai 7 meses, nese período non se van deixar dar instrucións técnicas. Os xogadores/as terán 2 minutos para facilitar ese período

de adaptación e poder equilibrar a frecuencia cardíaca. Vaise a facer un curso para aprender a usar a máscara.

O representante do club Narón di que respecto ao da máscara pregunta por un artigo que saíu na prensa que facía referencia ao resultado da máscara despois de humedecerse.

O Presidente di que a FGBm non se vai ter en conta artigos de prensa nin opinións, se non estudos contrastados e regulacións sanitarias, xa que hai un artigo que o cuestiona e 20 que non. O Presidente di que hai que ter sentido común e por iso antes de comezar vaise a formar debidamente ao coordinador do protocolo dos clubs e aos técnicos/as.

O representante do Club Rasoeiro pregunta onde se vai a sacar a máscara, xa que sacala na pista.

O Presidente di que todo iso se vai a regulamentar.

O representante do club Seis do Nadal pregunta si nesta proposta está incluído modificar o 2º e 3º tempo. O Presidente di que non, e que esta pausa é diferente ao demais, xa que non é un descanso.

Procédese a realizar a votación da proposta: MODIFICACIÓNS REGLAS DE XOGO. PROPOSTA Nº 6.

VOTACIÓN: SI: 38 NON: 0 ABSTENCIÓN: 1 Queda APROBADA a proposta Nº 6

PROPOSTA Nº 7: As categorías de División de Honra Xuvenil Masculina e Feminina estarán composta por 12 equipos.

O Presidente di que as demais categorías xa son de 12 equipos e nestas dúas son de 10, pero ao ter que levan a competición en semanas contiguas se non son grupos pares habería moitos descansas e se dilatarían moito as competición, sería excepcionalmente esta tempada.

Procédese a realizar a votación da proposta: COMPETICIÓNS. PROPOSTA Nº 7.

VOTACIÓN: SI: 32 NON: 0 ABSTENCIÓN: 6 Queda APROBADA a proposta Nº 7

PROPOSTA Nº 8: O número mínimo exixido de xogadores/as en acta en cada categoría será: Sénior 9, xuvenil 8, cadete 7, infantil 7, alevín 7, alevín minibalonmán 5, benxamín 5 e prebenxamín 5.

O Presidente di que a intención desta proposta é non sancionar aos clubs por non levar o número de xogadores mínimo exixido Esta proposta é para axudar aos clubs.

O representante do club Cisne pregunta si o número de licenzas por equipo vai a variar e se os xogadores de categoría inferior van a poder competir cos de superior.

O Presidente di que si van a poder xogar nas dúas categorías, xa que a máscara tamén está pensado para iso, xa que si se usa a máscara, nestes momentos non se considera un contacto estreito si hai un positivo nun club. Non se modifica o número mínimo de licenzas tramitadas por equipo, pero a federación está para axudar xa que é consciente das dificultades dos clubs.

O representante do club pregunta si os xogadores xuvenís poden xogar nun e outro equipo.

O Presidente da Federación di que os xogadores/as si que van poder participar cos dous equipos

Procédese a realizar a votación da proposta: COMPETICIÓNS. PROPOSTA Nº 8.

VOTACIÓN: SI: 37 NON: 1 ABSTENCIÓN: 1 Queda APROBADA a proposta Nº 8

PROPOSTA Nº 9: Suprímense as limitacións en franxas horarias para todas as categorías, sempre e cando se respecte: As horas de inicio e finalización que figuran no NOREBA-GA. Hora mínima de comezo para os equipos que se atopen a máis de 100 km do lugar de celebración do encontro. A colocación de horarios das categorías alevín e benxamín antes ou despois de outros encontros de categoría autonómica.

O Presidente di que isto é para que se poidan xogar todos os partidos, e se amplían as franxas horarias xa que entre partido e partido vai a ter que haber máis tempo xa que unha hora non é suficiente. Que se poidan xogar un partido infantil, alevín ou benxamín o domingo pola tarde.

O representante do club Ribadosar di que entre partido e partido eles teñen que ser de media hora, xa que o obriga o protocolo do Concello

O presidente di que se lle pediu a Xunta para que se unifiquen criterios nos Concellos para as instalacións deportivas. Pero si que é certo que a desinfección ten que estar programada.

O representante do club Rasoeiro di que moitos xogadores que levan base, vaille a ser complicado si se empezan a meter os partidos de base o domingo pola tarde.

O Presidente di que hai que contar coa empatía dos clubs e o que temos é que confiar na boa fe dos mesmos, está nas súas mans, esta é unha medida para facilitarlles as cousas a todos. Di que lle parece moi interesante poder meter os partidos antes do partido de maior categoría sobre todo para promocionar o balonmán.

O representante do Club Seis do Nadal di que vai ser imposible programar todos os partidos, xa que as instalacións están moi restritivas.

O Presidente transmite aos clubs que están online o que se está a tratar na sala, que os clubs están a dicir que pode ser imposible que coa mesma duración dos partidos vai a ser imposible localizar todos os partidos. O Presidente di que desde a FGBm. estase a traballar cos concellos.

O representante do Club Seis do Nadal, di que si se suman os tempos dos partidos e os dous tempos de descanso o partido alargase.

O Presidente di que se está a facilitar xogar os domingos pola tarde e así poder presionar aos Concellos a que non pechen as instalacións en horarios necesarios para os clubs.

O representante do club Teucro pregunta si se vai a seguir competindo dúas semanas e descansar a terceira, xa que se podería plantexar semanas alternativas.

O Presidente di que non, que vai a ser semanas contiguas, a no ser que ao remate do play off, desde sanidade nos permita xogar a dobre volta como sempre.

O representante do Club Lavadores di que si se suprime para todas as categorías as franxas horarias nas categorías sénior o sábado pola mañá, complicaría moitos a esas categorías xa que hai moitos xogadores que traballan.

O Presidente di que ten razón xa que nas categorías para xogar xa se xoga os domingos pola tarde, así que vaise a especificar que para xogar o sábado pola mañá nas categorías sénior deberá ser de mutuo acordo por ambos clubs, agradece o aporte para concretar máis a proposta.

O representante do Club Rasoeiro di que en relación aos tempos dos partidos unha opción podería ser tamén reducir os tempos de descanso.

A representante do Caselas di que é complicado xa que non da tempo a desinfectar os bancos no cambio, e que ten que haber hora e media entre partidos.

O representante do Club Teucro di que si desde a Federación se impón que entre partidos debe haber hora e media, iso faría forza de cara á solicitude nos concellos.

O Presidente di que é moi interesante, pero cada vez que o plantexamos desde a Asemblea se nos di que os pavillóns non son dos clubs. E que poderíase incluír no protocolo. O Presidente pregunta se a desinfección a fan os clubs.

A maioría responde que non ou que non se sabe aínda.

O representante do Meaño di que lle parece ben ampliar os horarios pero que debería facerse de mutuo acordo.

O Presidente di que administrativamente é imposible controlar todos eses cambios, que debemos plantexar iniciativas viables e neste caso non o vé.

O representante do Club Caselas di que non ten sentido poñer que ten que se de mutuo acordo, xa que isto é puntual polo momento que estamos a vivir e ademais é un paso adiante para o balonmán de cara a promoción coa base.

O Presidente di que ten razón, xa que a filosofía desta proposta é esa beneficiar e non burocratizar uns cambios.

O representante do Club Luceros di que para que un alevín se xogue as 8 da tarde ten que ir con outro encontro e que non ten sentido ter que poñelo de mutuo acordo.

Procédese a realizar a votación da proposta COMPETICIÓNS. PROPOSTA Nº 9.

VOTACIÓN: SI: 33 NON: 0 ABSTENCIÓN: 5 Queda APROBADA a proposta Nº 9

PROPOSTA Nº 10: COMPETICIÓN 1ª Autonómica Masculina

O Presidente di que en case todas as competicións o formato é o mesmo so hai unha excepción nos play off que se pode xogar en semanas contiguas contra diferentes equipos nos demais se plantexan ida e volta nesas dúas semanas. Recordar que os formatos da FGBm. están totalmente condicionados polas limitacións das datas de finalización das competicións impostas pola federación española, que tan só as retrasou 15 días, e considera que coa situación actual é insuficiente e non deberíamos estar pensando en logros deportivos se non en algo que manteña a actividade; o presidente aclara que se os clubs renuncian a xogar os sectores nacionais, os calendarios a nivel autonómico serán moito máis flexibles. Os asistentes non se pronuncian ao respecto.

O Presidente lee a proposta de competición para a 1ª Autonómica que se enviou a todos os asembleístas.

O representante do Club Rasoeiro di que si o apartado competitivo pasa a un segundo plano ve ilóxico que aínda que os sénior xogan por un ascenso a nacional, que se faga un calendario dependendo dun campionato de España.

O Presidente aclara que a FGBm. levou na asemblea de xullo que si todos os clubs renunciaban aos sectores nacionais e fases de ascenso o calendario sería diferente e os clubs dixeron na súa totalidade dixeron que non, polo tanto a FGBm é a primeira que propo deixou a un lado os ascensos/descensos mentres a situación sanitaria non cambie. Procédese a realizar a aprobación da proposta 1ª AUTONÓMICA MASCULINA. PROPOSTA Nº 9.

O representante do Club Rasoeiro di que lle parece incoherente pola situación que estamos a vivir e que as competicións deberían de ser por proximidade, xa que ir a Viveiro son moitas horas e teñen que estar máis tempo coa máscara.

O Presidente di que acaba de explicar por que se traen estas competicións, xa que si a asemblea di que quere xogar polo ascenso e sectores a FGBm. ten que axeitar as súas competicións ao que a asemblea acorde. Para a FGBm. a competitividade queda nun segundo plano, pero que non te vas a contaxiar menos por xogar co equipo máis próximo. Di que non é xusto por como exemplo a Viveiro xa que eles tamén teñen dereito a xogar e concretamente o Rasoeiro sempre tivo problemas para desprazarse alí, con pandemia e sen pandemia.

O Presidente di que o máis importante é a tramitación do seguro, ese é o requisito indispensable para acollerse ao protocolo da FGBM, e se chegou a un acordo coa compañía de que si hai que parar a competición e hai pouca sinistralidade, comprométense a devolver unha parte do importe.

O representante do Rasoeiro di que claro si se pagan os seguros e despois se para a competición, eses cartos non se recuperan e hai que ter unha seguridade de que se vai a xogar.

O Presidente di que o seguro vale para a competición e os adestramentos, e que hai algunha lesión que supera con moito o coste do seguro; pero que acaba de deixar claro o acordo coa compañía, o que é ilóxico é non asegurarse, non federarse é pretender acollerse a un protocolo federativo.

O representante do Club Luceros di que por favor se fale das competicións e aínda que seguramente non é o mellor modelo de competición, e xa se está a recoñecer, estamos nun momento especial e todos temos que adaptarnos a esta situación.

O representante do Club Viveiro pregunta si na segunda fase se pode facer polo sistema do criteiro olímpico, para no ter tantos desprazamentos e para non xogar tantos partidos, xa que vendo o que está pasando nas competicións nacionais.

O Presidente di que o sistema de competición que presentamos se non se completa ten criterios que se poden tomar de referencia para tomar decisións. O criterio olímpico nesta competición se aplica nunha parte. Ademais pide que por favor non se metan no mesmo saco as competicións autonómicas coas nacionais, xa que os plantexamentos son moi distintos.

O representante do Club Poio Artai di que o problema que ve é que en moitos sitios aínda non se puido adestrar con normalidade, e o inicio da competición está moi próximo.

O Presidente di que canto máis se retrase o inicio da competición menos datas imos a ter para rematar a mesma. O Presidente di que hai que cambiar o pensamento da competición e que pode adestrar fisicamente aínda que non sexa no pavillón. O que non se pode facer e actividade deportiva de contacto pero actividade física si que se pode facer, é tan sinxelo como non pelexar por ascensos este ano.

O Presidente di que o importante é reactivar a actividade, xa que este parón vai a facer que desaparezan clubs, por iso a competitividade non é o importante, xa que o primordial é volver a competición, pero que non hai problema en votar os dous sistemas de competición. Primeiro o da FGBm, e deixa claro que os/as asembleístas pensen ben o voto, xa que si sae elixido o primeiro non terá sentido presentar o segundo.

Despois de realizar a votación, e de saír aprobada a proposta da federación, como se detecta que puido haber algún malentendido o presidente propón que co obxectivo da máxima transparencia se

volva realizar a votación sobre a proposta da Federación Galega de Balonmán e si non sae aprobada presentarse as modificacións do Viveiro

O representante de Lugo pregunta se non había un prazo de presentación de solicitudes e non hai lóxica para estes cambios que propoñen os clubs que non enviaron nada.

O presidente di que si había un prazo de presentación de propostas, pero que si se poden facer modificacións das propostas presentadas, xa que buscamos solucións non aprobar algo por aprobar.

Procédese a realizar a votación da proposta 1ª AUTONÓMICA MASCULINA. PROPOSTA Nº 10.

VOTACIÓN: SI: 19 NON: 3 ABSTENCIÓN: 15 Queda APROBADA a proposta Nº 10

PROPOSTA Nº 11: COMPETICIÓN 1ª Autonómica Feminina

O Presidente di que aquí o sorteo xa estaba feito, pero hai unha modificación, xa que a SAR retirouse por cuestións de forza maior e o que se fixo foi mover un número e se respectaron a composición de grupos tal e como se fixo no sorteo.

A competición é exactamente igual a 1ª Autonómica Masculina, e coinciden nas datas.

O representante do Club Xiria pregunta como se valorará a posibilidade de poder xogar dous partidos na mesma fin de semana ida e volta para poder ter máis datas de recuperación.

O Presidente di que non se van a por inconvenientes nos aprazamentos, pero non queríamos impoñer a ida e volta no mesmo fin de semana xa que hai clubs que teñen moitos equipos e se lles complicaría organizar todos os partidos.

O representante do Club Xiria pregunta si se pode substituír o final four polo play off do mellor a tres partidos si pode ser

O Presidente di que se fixo esta proposta polo que os custos son menores e ademais en todos os partidos haberá emoción xa que en sectores de tres días hai partidos irrelevantes. Na competición hai unha particularidade é que no grupo polo título son 6 equipos igual pero no grupo pola permanencia son 10 arrastrando resultados.

A representante do Club Caselas di que valoran todo o traballo feito pero din que na situación actual pensa que haberá moitos partidos cancelados. Di que eles enviaron unha proposta de competición, a secretaria comprobou que non reunía os requisitos para chegar á asemblea, se trataban máis de recomendacións que de propostas, ademais de non estar asinadas por ninguén.

O Presidente di que coa primeira proposta aprobada, é susceptible de cambio e lle pregunta si estarían dispostos a participar si se aproba a proposta presentada pola FGBM.

A representante do Club Caselas di que non, xa que ven inviable xogar tantos partidos seguidos.

O Presidente resposta que entón hai un problema, xa que soamente están dispostos a participar coas súas condicións. E lle pide que expoña a súa proposta

A representante do Club di que o único que propoñían e que non se tivesen tantas presas e si so se poden xogar 12 partidos para determinar un campión, pero non se poden comprometer a xogar coa proposta presentada.

O Presidente di que si hai clubs que non están dispostos a ir a xogar non se deben inscribir, e da a opción a propoñer un sistema alternativo, pero non se pode facer una competición de tres días porque

alguén non poda competir, porque hai clubs que demandan máis actividade. A Federación non ten interese en ningún formato concreto, xa que asume que é un ano atípico.

A representante do Club Caselas di que claro eles teñen unha plantilla curta e non poden asumir un calendario con tantas xornadas. Que ademais hai xogadoras que non queren xogar con máscaras.

O Presidente di que poden propoñer unha alternativa ou darlle todas as facilidades para xogar coa proposta de competición que saia aprobada, se o problema é o uso de máscara e o baixo número de xogadoras é moi diferente ao formato de competición, son temas distintos.

O representante do Club Seis do Nadal di que suspensións de partidos haberá, xa que unha competición vai a ser case imposible rematala.

O Presidente di que a FGBM. non pode propoñer un sistema de competición que considera inxusto e a decisión a teñen os clubs, xa que ao ter que dar un campión as datas son as que son. Pero que se pode xogar a unha soa volta se así o deciden, a FGBm. vai permitir que se hai un consenso as competicións sexan como os clubs queiran.

O representante do Club Carballal di que a proposta de competición tal e como está presentada está ben e o que non se pode é andar a cambiar todas as competicións por circunstancias de un ou de outro, e débese de votar a proposta tal e como está presentada e despois se hai que modificar algo deberá ser a Comisión Delegada que dependendo das circunstancias facer as pertinentes modificacións.

O Presidente di que non lle parece mal a circunstancia de a unha soa volta na primeira fase soamente que haberá máis descansos. O Presidente di que os clubs teñen que pensar que os clubs deben presentar as súas propostas, que ser assembleísta implica unhas responsabilidades que moitos obvian. O representante do Club Seis do Nadal di que si se modifica a proposta a xogar a unha soa volta por circunstancias particulares, pódese dar o caso de que a xornada na que te toca xogar non poidas e na xornada na que descansas si.

A representante do Club Caselas di que entende todas as posturas, pero que para eles a competición está moi cargada e non poden comprometerse a xogar tantos partidos. E que non quere que todos estean a perder o tempo pola súa problemática.

O Presidente di que a entende pero todos teñen que entender que este momento é especial, pero que os clubs tamén teñen que ter empatía coa FGBm. xa que a FGBm. está a colaborar con todos os clubs tamén, e aínda que non son as propostas que a FGBm. lle gustaría presentar si que considera que son as máis axeitadas para o sentir dos clubs.

O representante do Club Rasoeiro di que, que os clubs non queiran presentarse non ten que ver coas propostas de competición presentadas se non con ter que xogar con máscaras e que ademais non so depende dos clubs, se non de que os pais e as xogadoras non queren xogar.

O Presidente di que o das máscaras non o comparte, respecta que quen non queira que non xogue, pero o uso da máscara nestes momento non é debatible xa que a proposta saíu aprobada e a regulación é moi clara.

A representante do Club Caselas di que non pode dicir que é o mesmo estar con ou sen máscara.

O Presidente di que non dixo iso se non que hai que modificar a intensidade coa que se está acostumado a xogar e que a máscara vai a ser unha máscara con garantías. O Presidente di que os clubs que non queiran xogar con máscara que se retiren pero sen ela non imos xogar.

O representante do Club Luceros di que ser asembleísta da FGBM. é máis que vir a votar é poder presentar propostas, que hai que saber que na asemblea se debe vir a explicar a proposta e votar o que non se pode é debater todas as propostas, xa que os clubs tamén poden presentar propostas, ninguén presentou ningunha entón o que se debe facer é votar si ou non. Xa que si todo o cuestionamos a asemblea non vai a rematar nunca.

O representante do Club Xiria di que temos que respectar o orde do día.

O Presidente di que está de acordo e que imos a votar a proposta.

Procédese a realizar a votación da proposta 1ª AUTONÓMICA FEMININA. PROPOSTA Nº 11.

VOTACIÓN: SI: 18 NON: 1 ABSTENCIÓN: 18 Queda APROBADA a proposta Nº 11

PROPOSTA Nº 13: 2ª Autonómica Masculina

O Presidente informa di que se vai presentar a proposta nº 13, xa que a numeración está mal é a proposta nº 12 non existe.

O Presidente explica a proposta presentada e cos equipos inscritos se fixeron dous grupos, zona norte e zona sur, todos contra todos.

Procédese a realizar a votación da proposta 1ª AUTONÓMICA FEMININA. PROPOSTA Nº 13.

VOTACIÓN: SI: 26 NON: 0 ABSTENCIÓN: 12 Queda APROBADA a proposta Nº 13

PROPOSTA Nº 14: Play Off Xuvenil Masculina - PROPOSTA Nº 15: División Honra Xuvenil Masculina

O Presidente informa de que os sorteos do play off estaban feitos para a Copa Galicia e a FGBM. propón que se manteñas os grupos. Xogaríase en semanas consecutivos e sería na única competición na que se permite esta excepción. Di que as propostas 14 e 15 van xuntas

O Presidente di que a competición na División de Honra Xuvenil, Cadete e Infantil é igual e explica a mesma.

O representante do Club Cisne, di que na categoría infantil non se plantexa a 2ª División.

O representante do Club Xiria pide que se valore que as segundas fases se poida xogar dous partidos na mesma fin de semana, e que se poidan alternar as categorías nunha fin de semana, xa que sempre habería balonmán aínda que algunha categoría descanse.

O Presidente di que a 2ª fase comeza en febreiro e di que está de acordo, que nese punto podería valorarse, dependendo da situación. Convocaríase á comisión delegada ou a asemblea para decidir os cambios da competición.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 14 PLAY OFF XUVENIL MASCULINA e Nº 15 DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL MASCULINA.

VOTACIÓN: SI: 24 NON: 0 ABSTENCIÓN: 14 Quedan APROBADAS as propostas Nº 14 e Nº 15.

PROPOSTA Nº 16: Copa Federación 2ª División Xuvenil Masculina

O Presidente explica a proposta e di que esta Copa xogaríase mentres os equipos dos play off están a xogalos, é para que todos comecen a xogar ao mesmo tempo.

O representante do Club Pontedeume pregunta como se van a facer os grupos, e que o xuvenil e o cadete poida ir a xogar ao mesmo sitio.

O Presidente di que se van a facer por sorteo, xa que por proximidade hai un que queda fora, pero que as dúas categorías vaian xuntas é complicado.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 16 COPA FEDERACIÓN 2ª XUVENIL MASCULINA

VOTACIÓN: SI: 23 NON: 0 ABSTENCIÓN: 15 Queda APROBADA a proposta Nº 16.

PROPOSTA Nº 17: Liga 2ª División Xuvenil Masculina

O Presidente explica a proposta da competición da Liga 2ª División Xuvenil Masculina.

O representante do Club Seis do Nadal di que entón os enfrontamentos non están ben, xa que terminarían xogando os mellores contra os mellores.

O Presidente di que ten razón e que retiran a 3ª Fase: Final da competición, xogándose a 1ª e 2ª Fase.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 17 Liga 2ª División Xuveni Masculina

VOTACIÓN: SI: 27 NON: 0 ABSTENCIÓN: 10 Queda APROBADA a proposta Nº 17.

PROPOSTA Nº 18: Play Off Xuvenil Feminino e PROPOSTA Nº 19: Liga División Honra Xuvenil Feminina

O Presidente explica a proposta do Play Off Xuvenil Feminino, explicando que hai dous equipos que soamente se incribiron en 2ª división e se lles invitou a participar, xa que se non estarían sen xogar moito tempo. Se realizaría un sorteo para decidir en que grupo de tres participarían, o sistema de competición é igual.

A División de Honra Xuvenil Feminina é igual que a División de Honra Xuvenil Masculina.

Procédese a realizar a votación das propostas Nº 18 PLAY OFF XUVENIL FEMININO e Nº 19: LIGA DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL FEMININA.

VOTACIÓN: SI: 25 NON: 0 ABSTENCIÓN: 13 Quedan APROBADAS as propostas Nº 18 e Nº 19

PROPOSTA Nº 20: 2ª División Xuvenil Feminina

O Presidente explica a proposta de competición, soamente se presenta a 1ª Fase, xa que ao non xogar por competición nacional, en febreiro pódese plantexar unha segunda fase distinta.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 20 2ª XUVENIL FEMININO

VOTACIÓN: SI: 22 NON: 0 ABSTENCIÓN: 12 Queda APROBADA a proposta Nº 20

PROPOSTA Nº 21: Play Off Cadete Masculina e División de Honra Cadete Masculina

O Presidente di que no grupo nº 4 dos Play Off, a SAR se retirou e quedaría un grupo de 3.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 21: PLAY OFF CADETE MASCUIÑO e DIVISIÓN DE HONRA CADETE MASCULINO

VOTACIÓN: SI: 24 NON: 0 ABSTENCIÓN: 9 Queda APROBADA a proposta Nº 21

PROPOSTA Nº 22: Copa Federación 2ª División Cadete Masculina

O Presidente explica a proposta da competición presentada.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 22: COPA FEDERACIÓN 2ª CADETE MASCULINO

VOTACIÓN: SI: 29 NON: 0 ABSTENCIÓN: 6 Queda APROBADA a proposta Nº 22

PROPOSTA Nº 23: Liga 2ª División Cadete Masculina

O Presidente explica a proposta da competición presentada.

O Presidente di que ao igual que en 2ª Xuvenil a 3ª Fase retírase da competición, xogándose só a 1ª Fase e 2ª Fase.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 23: LIGA 2ª CADETE MASCULINO

VOTACIÓN: SI: 26 NON: 0 ABSTENCIÓN: 7 Queda APROBADA a proposta Nº 23

PROPOSTA Nº 24: Play Off Cadete Feminino e PROPOSTA Nº 25: División de Honra Cadete Feminino

O Presidente di que como en Cadete Masculino se van a votar o play off e a División de Honra que son as propostas nº 24 e nº 26.

O Presidente explica a proposta da competición presentada. Nos play off se retiran dous equipos, un o Bm. Chapela que é un grupo de 4 e quedaría un grupo de 3, pero se nos plantexa un problema xa que o outro retirado por causas de forza maior é o EDM. Salceda, está nun grupo de 3 polo que se ten que volver a sortear os grupos do play off.

A División de Honra Cadete Feminino é como as anteriores.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 24: PLAY OFF CADETE FEMININO e nº 26 DIVISIÓN DE HONRA CADETE FEMININO

VOTACIÓN: SI: 20 NON: 0 ABSTENCIÓN: 13 Quedan APROBADAS as propostas Nº 24 e Nº 26

PROPOSTA Nº 25: Copa Federación 2ª División Cadete Feminino

O Presidente explica a proposta da competición presentada.

O representante do Club Carballal di que xa comunicou que retiraban o segundo equipo inscrito e o Rasoeiro di que eles queren inscribir un segundo equipo, o cal se fai constar.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 25: COPA FEDERACIÓN 2ª CADETE FEMININO

VOTACIÓN: SI: 21 NON: 0 ABSTENCIÓN: 13 Queda APROBADA a proposta Nº 25

PROPOSTA Nº 27: Liga 2ª división Cadete Feminino

O Presidente explica a proposta da competición presentada, di que ao igual que nas anteriores segunda divisións a 3ª Fase retírase da competición, xogándose só a 1ª Fase e 2ª Fase.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 27: LIGA 2ª DIVISIÓN CADETE FEMININO

VOTACIÓN: SI: 24 NON: 0 ABSTENCIÓN: 9 Queda APROBADA a proposta Nº 27

PROPOSTA Nº 28: Play Off Infantil Masculino e PROPOSTA Nº 29 División de Honra Infantil Masculino

O Presidente informa de que non se presenta competición para a 2ª División Infantil, xa que a data de finalización de inscrición era ata o 30 de setembro e aínda que se intentou rematala antes foi imposible, cando se saiba o número de equipos inscritos se convocará unha reunión cos equipos para decidir o formato de competición.

O Presidente explica as propostas de competición presentadas.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 28: PLAY OFF INFANTIL MASCULINO e Nº 29 DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL MASCULINO

VOTACIÓN: SI: 24 NON: 0 ABSTENCIÓN: 9 Quedan APROBADAS as propostas Nº 28 e Nº 29

PROPOSTAS Nº 30: Play Off Infantil Feminino e PROPOSTA Nº 31 División de Honra Infantil Feminina

O Presidente explica as propostas de competición presentadas. Explica que se retira o equipo EDM. Salceda, pero non hai que volver a sortear, xa que estaba nun grupo de catro equipos e quedaría un grupo de tres.

O representante do Club Rasoeiro di que na categoría infantil de 2ª división debería facerse a competición por proximidade, xa que se debería unificar a competición división de honra e 2ª división.

O Presidente di que ese vai a ser o plantexamento, pero que todos teñen que participar, pero se tratará nas reunións da competición.

O Presidente di que tan pronto se saiba o número de equipos se enviará aos clubs.

Procédese a realizar a votación da proposta Nº 30: PLAY OFF INFANTIL FEMININO e Nº 31 DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL FEMININO

VOTACIÓN: SI: 20 NON: 0 ABSTENCIÓN: 11 Quedan APROBADAS as propostas Nº 30 e Nº 31

O Presidente pide desculpas por enviar as propostas con tan pouca antelación, pero e que na Federación estanse a vivir tempos moi duros, e hai días que é imposible adiantar traballo. As competicións nacionais están a vivir un momento de incerteza e ao non cambiar o plantexamento de competición hai equipos galegos que teñen serios problemas para viaxar, e dende a FGBm estamos a interceder na súa axuda.

O representante do Club Carballal di que a RFEBM. non quere apoiar ao deporte galego.

O Presidente di que é certo que aprazaron encontros a equipos doutras comunidades e aos equipos galegos non. Os clubs galegos fai semanas enviaron a RFEBM. unha proposta alternativa de competición e ao principio non tiveron resposta e ante un segundo escrito a resposta foi dicir que non.

O Presidente lle pide aos clubs a máxima responsabilidade na volta a competición, xa que os coordinadores dos protocolos dos clubs van a ter responsabilidade, entre outras medidas por exemplo non se pode deixar que os xogadores se abracen ao finalizar o partido. O que non pode ser e que non permitan a volta do deporte federado e que si poidan xogar partidos entre amigos en pistas municipais.

O representante do Club Teucro pregunta que se vai a facer, si se ten que retirar un equipo na metade da competición porque os pais teñen medo e non deixan ao seu fillo adestrar ou xogar.

O Presidente di que a FGBM. vai a ter que entender todas esas casuísticas e o que se fará e buscar solucións e se darán as máximas facilidades aos clubs.

O representante do Club Seis do Nadal si que a FGBM, está a loitar polos equipos nacionais e entende que irá igual cos autonómicos e provinciais.

O Presidente di que apela a responsabilidade de todos e que o importante é a volta segura da competición. Se está a traballar nun proxecto para promocionar o balonmán a nivel escolar.

O Presidente informa de que se enviou unha proposta para a contratación do seguro de responsabilidade civil, e o que se intentaba era conseguir un prezo axeitado, xa que os clubs teñen que entender que ese seguro é obrigatorio. A Federación está a traballar na plataforma Cluver nunha APP para o control do aforo e trazabilidade en caso de contaxios, se está a investir no colectivo arbitral e na súa seguridade, vaise a investir en formación, o Presidente lle cede a palabra ao representante do Club Xiria para que explique a súa proposta para a contratación do seguro de responsabilidade civil.

O representante do Club Xiria di que a súa correduría fixo un estudio para os clubs e a base de cotización está feita por número de socios ou número de licenzas, non hai número de club que a queiran contratar e hai un mínimo de garantías que se deben cubrir, e está a disposición de quen queira información.

A Secretaria Xeral di que por favor é moi importante que vaian metendo os xogadores e staff no Misquad, e recorda aos clubs que a póliza do xogade xa non está activa, polo cal se están a adestrar os xogadores de base xa non están asegurados. Os xogadores de categoría sénior e xuvenil tampouco teñen seguro.

O representante do Club Ribadosar pregunta si un xogador está metido no misquad quere saber cando está o seguro activo.

A Secretaria Xeral di que nas categorías nacionais, sénior e xuvenil, no momento de solicitar o seguro e facer o pago, xa están asegurados e nas categorías base, cadete, infantil, alevín e benxamín, teñen que metelos no misquad y a federación exportará ao xogade o seguro tres días a semana.

O Presidente informa que aos árbitros van a pitar con chifre electrónico. Informa aos clubs que a FGBM. está a traballar cunha empresa de deseño de carteis cuns prezos moi económicos, se alguén está interesado que se poña en contacto coa FGBM.

O representante do Club Tui, pregunta como se vai a facer co tema da auga nos partidos.

O Presidente di que no protocolo está reflexado que non se pode compartir a auga entre os xogadores.

A representante do Club Seis do Nadal, pregunta se hai algunha oferta de xel hidroalcohólico.

O Presidente di que si teñen un contacto, pero o que quere que quede claro é que a FGBm. non vai a facer negocio con esta situación e ademais a federación non pode dedicarse a vender xel, máscaras, etc. Se non é imposible traballar.

O representante do Club Bueu di que os clubs non poden estar a pensar que hai un rendemento económico nas negociacións, pero que si a FGBm. pode conseguir un mellor prezo, é bo para todos

O representante do Club Tui pregunta si se poden asegurar aos nenos das escolas.

O Presidente di que se vai a negociar unha póliza para os xogadores menores de 6 anos. Informa que tiveron unha reunión coa Deputación de Pontevedra e está moi reacia a manter as escolas co mesmo formato que ata o de agora.

O representante Atlántico pregunta como vai a ser o protocolo respecto das instalacións deportivas, vestiarios, etc.

O Presidente di que a FGBM. está a falar con todos os responsables das instalacións, pero en cada concello actúan dunha forma, pero os vestiarios vai a ser complicado usalos. Tampouco se sabe se vai a poder asistir público, dende a Federación vaise a intentar que os clubs estean informados da normativa.

A representante do Club Atlántico di que unha das cousas que pensou foi que o equipo locatario lle ceda o vestiario ao visitante, xa que é moito mellor cando un ten que desprazarse poder ducharse e o locatario que se duche na casa e pregunta se hai que tomarlle a temperatura a todos

O Presidente di que o dos vestiarios é moi boa idea e que toman nota.

O Presidente agradece a todos a súa asistencia, e non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 15:00 horas.

O Presidente,



Bruno López Molina



A Secretaria Xeral,



Mª Luisa Sueiro Cardoso

En Vigo a 26 de setembro de 2020.